

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se resolve a concesión de seis bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME) da lista de persoas suplentes, co fin de cursaren estudos de máster que se inicien no curso 2023/24 nunha universidade galega.*

Mediante a Resolución do 3 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 250 bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2023/24 nunha universidade galega (DOG núm. 23, do 2 de febreiro).

Mediante a Resolución do 30 de agosto de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, resolveuse a dita convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior e concedéuselles a bolsa a un total de 250 persoas (DOG núm. 171, do 8 de setembro) que se relacionan no anexo I desa resolución.

No artigo 2 da Resolución do 30 de agosto de 2023 establécese unha lista de seis persoas suplentes que se relacionan no anexo II, formada por aquelas persoas que acreditaron estar matriculadas nun máster e non foron adxudicatarias da bolsa, ordenadas segundo a puntuación outorgada, para cubriren as renuncias ou baixas dalgunha persoa adxudicataria da bolsa que poidan producirse.

As seis persoas que constan a seguir figuran como beneficiarias no anexo I da Resolución do 30 de agosto de 2023 e presentaron escritos de renuncia á bolsa concedida, a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia:





Apelidos	Nome	DNI/pasap.	Máster	Univ.	Créditos	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Importe total
Castelo Becerra	Marta	***7051**	Dirección e innovación da cadea de subministración	Uvigo	60	5.000 €	2.500 €	7.500 €
Librán Vázquez	Tamara	***3004**	Enerxía e sustentabilidade	Uvigo	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
López Vizcaíno	David	***4729**	Tradución multimedia	Uvigo	60	5.000 €	2.500 €	7.500 €
Rondeau Fariña	Marianela	*****6346	Banca e finanzas	UDC	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Gómez Contreras	Cristina Beatriz	*****2657	Xornalismo e comunicación multimedia: novas tendencias en produción, xestión e difusión do coñecemento	USC	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Álvarez Montenegro	Manuel	*****5957	Xestión empresarial do deporte	Uvigo	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €

De conformidade co disposto nos artigos 11 e 16 da Resolución do 3 de xaneiro de 2023, a Subdirección Xeral do Retorno, como órgano instrutor do procedemento, unha vez recibidas as renuncias ás bolsas concedidas por parte das persoas antes referenciadas, en vista da lista de persoas suplentes e unha vez verificada a aceptación das bolsas segundo a orde de puntuación, formulou a correspondente proposta de resolución para a concesión das bolsas ás seis persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa ofertada.

Vista a lista de suplentes e verificada a súa aceptación da adxudicación das bolsas, tamén en vista da proposta de resolución da Subdirección Xeral do Retorno e de conformidade co establecido na resolución da convocatoria,

### RESOLVO:

#### Artigo 1

Concederlles a bolsa ás seis persoas da lista de suplentes que aceptaron a bolsa e que se relacionan no anexo desta resolución para cursaren os másteres que se sinalan na correspondente universidade galega e polo importe que se indica.

O pagamento da bolsa realizarase na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria nos prazos establecidos e unha vez presentada a documentación xustificativa segundo o establecido no artigo 20 da resolución da convocatoria.

#### Artigo 2

As persoas beneficiarias destas bolsas están obrigadas ao cumprimento do establecido no artigo 21 da resolución da convocatoria. Os incumprimentos das ditas obrigacións poderán dar lugar ao reintegro parcial ou total nos termos recollidos no artigo 22 da dita resolución.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración





## ANEXO

Apelidos	Nome	DNI/pasap.	Máster	Univ.	Créditos	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Importe total
Sastre Iriarte	Sergio	*****2459	Dirección e xestión contable e financeira	USC	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Gualano Turnes	Paula	***4329**	Dirección integrada de proxectos (dúas especialidades: sistemas de información/ocio e deporte)	Uvigo	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Liste Legato	Noelia Marina	*****678	Dereito transnacional da empresa e das tecnoloxías dixitais	USC	90	5.000 €	7.000 €	12.000 €
López Aparicio	Micaela	*****7825	Economía	UDC	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Lavandeira Arguello	Sofía	*****3205	Dirección de empresas	USC	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €
Tedone Trueba	Nadia Soledad	*****5255	Xestión e dirección laboral	Uvigo	60	5.000 €	3.000 €	8.000 €

